

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CREACIÓN DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL "SAÚDE AMBIENTAL".

No lugar e data da sinatura dixital, 5 de abril de 2024

### REUNIDOS

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019 de 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e no establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, actuando en virtude das atribucións que ten conferidas.

E, doutra parte, don Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, segundo nomeamento efectuado mediante Decreto 35/2022, do 17 de marzo (Diario Oficial de Galicia, núm. 56, do 22 de marzo de 2022), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela.

As partes que interveñen recoñécense reciprocamente a plena capacidade xurídica e de obrar, así como a representación que respectivamente ostentan, asegurando que continúan vixentes nesta data os seus respectivos apoderamentos, e que teñen atribuídas as facultades suficientes para obrigarse, polo que, para ese efecto

### MANIFESTAN

**Primeiro.-** Que a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudio e a investigación.

**Segundo.-** Que a Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral de Saúde Pública ten entre os seus obxectivos a prevención, promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública.

**Terceiro.-** Que a USC e a Consellería de Sanidade desexan colaborar, mediante a creación da Cátedra Institucional na protección da saúde e o control sanitario do medio ambiente.

**Cuarto.-** O presente convenio rexeráse polo establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, así como no Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento das Cátedras Institucionais da USC, aprobado o 7 de febreiro de 2020.

**Quinto.-** O Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento das Cátedras Institucionais da USC establece, no seu artigo 3, o procedemento de creación das cátedras institucionais e, no seu artigo 4, indica que para a creación das cátedras é necesario un acordo de aprobación do Consello de Goberno da USC e establece tamén o contido mínimo que debe incluír o convenio no que se formaliza a súa creación.

**Sexto.-** A cátedra de Saúde Ambiental está aliñada co Plan Estratéxico de Saúde e Medioambiente co obxectivo de identificar novos riscos, factores emerxentes ou contaminantes ambientais e estudar o impacto en saúde da exposición da poboación galega aos factores ambientais para conseguir diminuír as repercusións dos mesmos na saúde pública.

Ademais, é coherente cos compromisos das iniciativas internacionais da Unión Europea (VII Programa de Medio Ambiente), Directivas e Regulamentos (produtos químicos, REACH, biocidas, fitosanitarios, augas, etc.) e demais lexislación europea sobre saúde e ambiente, OMS (Conferencia de Ostrava, 13º Programa Xeral de Traballo da OMS 2019-2023), Europa 2020, Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (2015), o Pacto Verde Europeo (2019), o Acordo de París sobre cambio climático (2015), a Estratexia Europea de Químicos para a Sostenibilidade (2020) e a Estratexia da UE sobre biodiversidade para 2030 (2020).

**Sétimo.-** O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Neste contexto, o terceiro reto da RIS3 consiste en desenvolver un modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación. En relación con este reto, unha prioridade é orientar os esforzos en I+D+i cara ás necesidades e o benestar das persoas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 1 busca acadar un ecosistema máis aberto e integrado, fortalecendo unha investigación de calidade e impacto.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3 respondendo ao reto 3 (Modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación) a través da prioridade 3 (Enfoque cara ás

persoas). Ten como obxectivo estratéxico acadar un ecosistema máis integrado (obxectivo estratéxico 1), integrándose polo tanto no programa Integra.

**Oitavo.-** O convenio atende ao establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, cumprindo cos requisitos de validez e eficacia, determinándose, entre outras cuestións, que a subscripción deste convenio no supón a cesión da titularidade de competencias, e mellora a eficiencia da xestión pública e a utilización conxunta de medios e servizos públicos contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública.

Ambas as dúas partes, considerando que teñen uns obxectivos comúns, deciden unir os seus esforzos e acordan subscribir o presente convenio a fin de mellorar os seus respectivos cometidos, para o cal formalizan o presente documento de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto.**

O obxecto do presente convenio é a formalización da creación da "Cátedra Institucional de Saúde Ambiental" (en adiante denominada "Cátedra"), de acordo co Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento das Cátedras Institucionais da Universidade de Santiago de Compostela aprobado o 7 de febreiro de 2020. A cátedra é creada no presente acto polas dúas partes e enténdese como foro para a execución de actividades docentes, académicas e investigadoras afectas a un campo do coñecemento como é a especialización nos factores ambientais que teñen incidencia sobre a saúde da poboación.

### **Segunda.- Obxectivos da cátedra**

O programa de actividades da cátedra centrarase nas seguintes actuacións:

- a) Estudar o impacto en saúde da exposición da poboación galega aos factores ambientais con repercusión na saúde pública, tanto en espazos interiores coma exteriores, dentro do ámbito poboacional e laboral.
- b) Promover propostas de proxectos transversais e interdisciplinares para o fomento da investigación de excelencia entre a saúde pública e outras áreas de coñecemento.
- c) Avaliar a exposición da poboación galega aos factores ambientais con repercusión na saúde pública, tanto en espazos interiores coma exteriores, dentro do ámbito poboacional e laboral.
- d) Colaborar coa autoridade sanitaria de saúde pública no intercambio de información relacionada coa exposición da poboación a factores ambientais que poidan implicar un risco para a saúde.
- e) Identificar activamente novos riscos, factores emerxentes ou contaminantes ambientais, que poidan implicar un risco para a saúde e propoñer a súa incorporación aos sistemas de vixilancia de saúde pública.

- f) Realizar cursos, seminarios, conferencias e outras actividades académicas redunden na difusión, o coñecemento e a práctica da saúde ambiental e da epidemioloxía ambiental.
- g) Favorecer a difusión, coñecemento e outras accións de comunicación con respecto aos efectos dos factores ambientais sobre a saúde da poboación xeral e sobre os grupos de risco.
- h) Fomentar a colaboración entre a USC, os sectores profesionais e a Consellería de Sanidade, no ámbito da saúde ambiental.
- i) Aqueloutras accións que se consideren de interese por ambas as dúas partes.

As actividades da Cátedra desenvolveranse en galego, castelán e inglés, e en calquera outro idioma que se considere idóneo.

### **Terceira.- Estrutura da Cátedra.**

A Cátedra inscríbese na USC, que facilitará os medios e instalacións necesarios para o seu correcto desenvolvemento, e contará como órgano unipersoal con un/unha director/a responsable da execución do programa de actividades.

Ademais, contará cunha Comisión Mixta de Seguimento que se reunirá, como mínimo, unha vez ao ano.

Así mesmo, poderá designarse unha Subdirección/Co-dirección de apoio nomeada polo reitor/a da USC a proposta da Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais, coa iniciativa da Dirección da Cátedra.

### **Cuarta.- Dirección da Cátedra**

A Cátedra contará como órgano unipersoal con un/unha director/a que será nomeado/a polo reitor/a da USC a proposta da Vicerreitoría competente en materia de Cátedras Institucionais e oída a Comisión de Seguimento.

Serán funcións da Dirección da Cátedra:

- Elaborar, organizar e desenvolver a programación anual de actividades e proxectos propios da Cátedra que previamente valide a Comisión de Seguimento.
- Elaborar e xestionar economicamente os presupostos anuais da Cátedra necesarios para o desenvolvemento da programación de actividades.
- Presentar á Comisión de Seguimento a memoria anual de actividades e a memoria económica da Cátedra.
- Presentar á Vicerreitoría competente mostras dos materiais divulgativos e publicitarios que se elaboren dentro do ámbito de actividade da Cátedra.
- As previstas no Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento de Cátedras Institucionais da USC do 7 de febreiro de 2020.

### **Quinta.- Comisión Mixta de Seguimento da Cátedra**

Para os efectos de favorecer o establecemento dunha comunicación fluída entre a USC e a Consellería de Sanidade, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento presidida polo vicerreitor/a competente en materia de Cátedras Institucionais.

Dita Comisión responsabilizarase da planificación, seguimento, avaliación e control das accións derivadas do presente convenio e dos compromisos adquiridos polas partes. Así mesmo, resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir no desenvolvemento e execución do presente convenio, asumindo, ademais, as funcións establecidas no Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento de Cátedras Institucionais da Universidade de Santiago de Compostela.

A súa composición será a seguinte:

Pola USC:

- O/A vicerreitor/a con competencias en Cátedras Institucionais, que presidirá as reunións desta Comisión.
- O/A director/a da Cátedra.
- Un/ha profesor/a que, por razón da materia, puidera estar vinculado á actividade da Cátedra.

Pola Consellería de Sanidade:

- O/A Director/a de Saúde Pública.
- O/A Subdirector/a de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde.
- Un/ha xefatura de servizo, por razón da materia, estea vinculado á actividade da Cátedra.

Actuará como secretario/a da Comisión o director/a da Cátedra.

A totalidade dos integrantes desta Comisión de Seguimento terán dereito a voz e voto nas deliberacións e adopción de acordos.

O réxime de funcionamento interno da Comisión será o que resulte aplicable pola normativa básica dos órganos colexiados de carácter administrativo.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- Aprobar o plan anual de actividades, xunto co orzamento correspondente, ademais de calquera modificación deste.
- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades e proxectos programados.
- Promover e autorizar a intervención doutras entidades que desexen colaborar coa Cátedra en temas de interese común que favorezan a consecución dos seus obxectivos.
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada coa Cátedra.
- Resolver as posibles controversias respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio de colaboración polo que se constitúe a Cátedra.

### **Sexta.- Actividades da Cátedra**

A Dirección da Cátedra elaborará un Plan Anual de Actividades da Cátedra.

Cada actividade realizarase de acordo cos termos e condicións que se contemplan no correspondente proxecto, que deberá conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Definición do obxectivo que se persegue.
- b) Descrición do plan de traballo, que incluírá as distintas fases e a cronoloxía do seu desenvolvemento.
- c) Presuposto total desagregado por conceptos.
- d) Medios materiais e humanos que requira a actividade.
- e) Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- f) Nome da persoa designada respectivamente pola Universidade e pola Consellería de Sanidade responsables da actividade.

### **Sétima.- Obrigas da USC**

A Universidade de Santiago de Compostela:

- Proporcionará o espazo físico, de uso non necesariamente exclusivo, e os medios materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades da Cátedra na Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Facultade de Medicina e Odontoloxía.
- Será a responsable da xestión económica dos fondos da Cátedra, así como da execución e xustificación dos gastos, de acordo coas normas e procedementos propios e a normativa xeral vixente.
- Establecerá, no seu caso, os mecanismos de recoñecemento académico dos cursos, actividades ou materias impartidas na Cátedra, nos termos previstos na normativa que resulte de aplicación.
- Difundirá a participación e colaboración da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade en todas as actividades que se realicen no marco da Cátedra.
- Outorgará o necesario recoñecemento institucional á Cátedra.

### **Oitava.- Obrigas das partes integrantes do convenio**

Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco do seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. A tales

efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (expost), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

#### **Novena.- Compromisos da Consellería de Sanidade**

O orzamento previsto para a financiación do convenio ascende a cen mil euros (100.000,00 €), dos que vintecinco mil euros (25.000,00 €) financiaranse con cargo á partida orzamentaria 1202.413A.640.3 (código de proxecto 2015 00443), dos orzamentos da Consellería de Sanidade para o ano 2024, prevista no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 18 de outubro de 2023. Partida na que existe crédito axeitado e suficiente.

O resto do importe distribuirase nas seguintes anualidades:

Ano 2025: 25.000,00 €

Ano 2026: 25.000,00 €

Ano 2027: 25.000,00 €

Os compromisos financeiros correspondentes ás devanditas anualidades financiaranse con cargo á partida orzamentaria dos orzamentos da Consellería de Sanidade para eses anos, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.

En todo caso a achega da Consellería de Sanidade concretase exclusivamente no pagamento da cantidade indicada, polo que non será esixible calquera outra obriga económica, nin fiscal, nin laboral, nin de ningún outro tipo que non sexa a entrega da mencionada cantidade.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade:

- Prestará asistencia técnica nas fases de desenvolvemento e execución das actividades da Cátedra.
- Prestará asesoramento á Dirección da Cátedra e á Comisión Mixta de Seguimento, a solicitude destas.
- Cooperará en materia de xestión do uso compartido de espazos para a realización das actividades da Cátedra.
- Facilitará información sobre recursos, medios e programas específicos que poidan ser de interese para o desenvolvemento das diferentes actividades.
- Difundirá a súa participación e colaboración en todas as actividades que se realicen no marco da Cátedra, nos soportes habituais que utilicen para as súas actividades.

#### **Décima.- Xestión económica e pagamento.**

A USC xestionará os recursos da Cátedra procedentes da Consellería de Sanidade, así como calquera outros fondos que a Cátedra obteña por outras fontes.



A xestión económica da Cátedra realizarase de acordo coas orientacións dos seus órganos responsables, Dirección e Comisión Mixta de Seguimento, e de conformidade coas normas e procedementos establecidos pola USC.

Para o financiamento do convenio prevese un crédito de cen mil euros (100.000,00 €), dos cales 25.000,00 € financiaranse con cargo á partida orzamentaria 1202.413A.640.3 (código de proxecto 2015 00443) dos orzamentos da Consellería de Sanidade - Dirección Xeral de Saúde Pública para o ano 2024; 25.000,00 con cargo aos ditos orzamentos para o ano 2025; 25.000,00 € con cargo aos do ano 2026 e 25.000,00 € con cargo aos do ano 2027, condicionado, polo que respecta ás tres últimas anualidades á existencia de crédito axeitado e suficiente nos ditos orzamentos.

A esta cantidade engadirase, no seu caso, a que poida achegarse por calquera outra fonte de financiamento adicional.

O pagamento das prestacións realizadas con cargo ao financiamento aprobado pola Consellería de Sanidade realizarase unha vez executadas as actividades programadas para o ano en curso. Para isto a USC presentará factura ou nota de cargo polo importe do gasto executado, que non será superior ao crédito asignado para cada anualidade do convenio. Ademais deberá presentar certificado da USC do gasto executado ou outra documentación probatoria do gasto. As facturas acompañaranse por unha memoria na que se describan as actividades realizadas e a avaliación dos resultados obtidos froito delas.

A data límite de presentación por parte da USC das facturas ou notas de cargo correspondentes a cada unha das anualidades que abrangue o convenio, fíxase no 20 de decembro.

Pola súa parte, a USC contribuirá ao mantemento da Cátedra cunha unha achega en especie cuantificada nunha cantidade equivalente á achega da Consellería de Sanidade, que se materializará coa achega da infraestrutura necesaria para a súa realización, na que incluírá aulas e salas adecuadas, material bibliográfico e bases de datos, espazos web, materiais didácticos e informativos, material informático e audiovisual e outros que se precisen.

#### **Décimo primeira.- Financiamento da cátedra por terceiras partes.**

Poderán existir fontes de financiamento da Cátedra por parte de entidades de titularidade pública ou privada que compartan obxectivos e intereses con esta para a realización de estudos, proxectos ou outras actividades.

Tamén se poderán realizar solicitudes de financiamento en convocatorias públicas.

O importe e autorización deste financiamento adicional, deberá ser aprobado previamente pola Comisión Mixta de Seguimento, e requirirá da tramitación da correspondente addenda ao convenio.

Ao abeiro do artigo 48.6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, as achegas económicas que os asinantes se comprometan a realizar non poderán superar os gastos derivados da execución do convenio.



#### **Décimo segunda.- Desagregación de datos por sexo.**

En cumprimento do disposto na Lei 13/2021, de 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación, toda recollida de datos relativa ao convenio, tanto na fase de deseño e diagnóstico da situación, coma nos contidos e na fase de seguimento e publicidade do mesmo, deberán incluírse variables que posibiliten o coñecemento da diferente situación e os resultados en mulleres e homes separadamente. Esta cláusula será aplicable no caso de que se realicen estatísticas e/ou estudos no desenvolvemento das actividades da cátedra.

#### **Décimo terceira.- Confidencialidade e difusión das actividades.**

As partes comprométense a non difundir, baixo ningún concepto, calquera información referente a aspectos científicos, técnicos, ou de organización interna pertencente á outra parte, á que puidese ter acceso na execución deste convenio, agás que esas informacións sexan de dominio público.

As partes, de mutuo acordo, acordarán as accións de comunicación oportunas para a difusión dos resultados das actividades programadas.

En todas as comunicacións públicas das actividades da Cátedra, en publicacións ou noutros medios de difusión, deberá constar a colaboración entre a USC e a Consellería de Sanidade.

#### **Décimo cuarta.- Dereitos de propiedade Intelectual e Industrial.**

Todos os dereitos de Propiedade Intelectual e Industrial que puidesen desenvolverse durante a execución do exercicio das actividades da Cátedra pertencerán ás Partes, como titulares destes, debéndose citar as autorías. Na explotación dos dereitos a participación será proporcional a achega realizada na súa consecución.

#### **Décimo quinta.- Vixencia do convenio.**

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos podendo ser renovado por acordo expreso por unha duración máxima de 8 anos, respectando os límites previstos no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### **Décimo sexta.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.**

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos Arts 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da

Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos e calquera outras especificacións referidos ao presente convenio nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

#### **Décimo sétima.- Protección de datos e Publicidade do convenio**

A USC e a Consellería de Sanidade respectarán todas as previsións legais establecidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento Xeral de Protección de Datos.

A estes efectos, os datos persoais que figuran neste documento van a ser utilizados pola USC para a tramitación do procedemento de aprobación e execución do convenio, sen os cales non sería posible tramitalo.

A información adicional sobre protección de datos de carácter persoal na USC pode solicitarse no enderezo electrónico [dpd@usc.es](mailto:dpd@usc.es) e se lle informará do responsable do tratamento, do delegado de protección de datos, dos fins do tratamento e a súa base xurídica, da lexitimación do tratamento, dos destinatarios dos seus datos e dos dereitos que se poden exercer.

Ase mesmo, a USC dispón dunha política de privacidade e protección de datos en:

- <http://www.usc.es/es/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>.

Tamén pode accederse a información adicional sobre protección de datos na web:

- <http://www.usc.es/es/normativa/protecciondatos/index.html>

A información sobre protección de datos da Consellería de Sanidade poderá solicitarse no enderezo electrónico: [Delegado.Proteccion.Datos@sergas.es](mailto:Delegado.Proteccion.Datos@sergas.es).

En aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, os datos relativos as partes asinantes, obxecto do convenio, prazo de duración, obrigados ás prestacións e no seu caso ás obrigas económicas convidas, poden ser obxecto de publicación pola USC.

#### **Décimo oitava.- Modificación do Convenio.**

As modificacións a este convenio articularanse de mutuo acordo, mediante a sinatura da correspondente addenda. A modificación requirirá, en todo caso, os informes e autorizacións previstos no artigo 50.2. a), b) e c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ningunha das partes poderá ceder a un terceiro os dereitos e obrigas adquiridas en virtude do presente convenio, salvo expresa autorización por escrito da outra parte do convenio.

#### **Décimo novena.- Causas de extinción e efectos da resolución.**

Este convenio extinguirase polo incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución, nos termos previstos no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen que se acordase a prórroga do convenio.
- b) O mutuo acordo das partes.
- c) O incumprimento, total ou parcial, das obrigas e compromisos asumidos polos asinantes. Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se considerasen incumpridos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o efectuase notificará a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou nas leis.

Os efectos da resolución serán os previstos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### **Vixésima.- Natureza e xurisdición**

Este convenio ten natureza administrativa quedando sometido ao réxime xurídico dos convenios previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As discrepancias xurdidas sobre a interpretación, desenvolvemento, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio, resolveranse pola Comisión Mixta de Seguimento regulada no mesmo. Se non se chegara a un acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdicional Contencioso-Administrativa.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio na data correspondente á última sinatura electrónica.

Pola Consellería de Sanidade

Pola Universidade de Santiago de Compostela

O Conselleiro de Sanidade

O/A reitor/a,

Julio García Comesaña

Antonio López Díaz